

Refráns meteorolóxicos e atlas románicos, paremioloxía e territorioⁱ

José Enrique Gargallo Gil

Universitat de Barcelona

gargallo@ub.edu

Resumo

Tras unha presentación da *Base de datos sobre refranes del calendario y meteorológicos en la Romania* (BADARE) e do progresivo baleirado nela de diversos atlas lingüísticos da Romania, preséntanse tres mostras da variación diatópica deste tipo de refráns no espazo iberorromance: (1) coa implicación do arco da vella, (2) dos roibéns e (3) das imaxes de ceo ovellado e afíns. Cómprase destacar o grande interese dos materiais contidos nos atlas románicos, que se poden complementar cos de outras obras vinculadas á lingua e o territorio: repertorios paremiográficos, monografías dialectais, achegas diversas. Aínda que non parece factible un grande atlas paremiológico romance nin sequera de segunda xeración, pois os refráns (meteorolóxicos o de outros tipos) son nos atlas de primeira xeración unha propina ocasional, coidamos que mediante a base de datos BADARE se poden administrar eses materiais de xeito que faciliten o estudo da paremioloxía románica ligada ao territorio.

Palabras clave: refráns meteorolóxicos, atlas lingüísticos, variedades romances, paremioloxía, territorio.

Sumario: 1. A base de datos BADARE e as súas fontes. 2. Os atlas románicos. 2.1. O ALGa (*Atlas Lingüístico Galego*, vol. IV, 2003). 2.2. O ALBi (*Atlas Lingüístico de El Bierzo*, 1996, I). 2.3. Os atlas lingüísticos e etnográficos españoles de Manuel Alvar. 2.4. O ALECMAN (*Atlas Lingüístico (y etnográfico) de Castilla - La Mancha*). 2.5. O ALDC (*Atles Lingüístic del Domini Català*, vol. III, 2006). 2.6. Os atlas lingüísticos de Francia por rexións. 2.7. Atlas de espazos maiores: AIS, ALPI, ALPG. 2.8. O API (*Atlante Paremiológico Italiano*) e a *Geoparemiología*. 3. Arco da vella, roibéns, ceo ovellado. Tres mostras de xeoparemioloxía no espazo iberorromance. 3.1. Arco da vella. 3.1.1. Mañá e tarde. 3.1.2. Hoxe e mañá. 3.1.3. Poñente e levante. 3.1.4. A forza da rima. 3.2. Roibéns. 3.2.1. Final e principio da xornada diúrna. 3.2.2. Puntos cardinais. 3.2.3. Sen implicación cronolóxica. 3.2.4. Con referencias ao medio natural. 3.2.5. Personificación. 3.3. Ceo ovellado e imaxes afíns. 3.3.1. Imaxes ovinas e caprinas. 3.3.2. Outras imaxes, outras motivacións. 4. Paremioloxía e territorio. A xeito de conclusión.

Weather proverbs and Romance atlases, Paremiology and territory

Abstract

After a presentation of the database on calendar and weather proverbs in Romance-speaking areas (BADARE) and the laying out of the findings in several Romance atlases, I will present three samples of the diatopical variation of this kind of proverbs in Ibero-Romance: (1) with the implication of the rainbow (2), of red skies and (3) the images of mackerel sky and the like. It is worth mentioning the great interest of the materials contained in Romance atlases, which can be complemented with that in other works related to languages and territory: paremiographic collections, dialectal monographies and various other contributions. Even if the project of putting together a large Romance atlas of proverbs does not seem possible –not even if conceived as a second generation atlas–, due to the fact that weather proverbs (or other types of proverbs) are an unusual gift in the atlases of the first generation, I think that with the database BADARE it is possible to manage these materials to facilitate the study of Romance Paremiology associated to the territory.

Key words: weather proverbs, romance atlases, romance varieties, paremiology, territory.

Contents: 1. The database BADARE and its sources. 2. The Romance atlases. 2.1. The ALGa (*Atlas Lingüístico Galego*, IV, 2003). 2.2. The ALBi (*Atlas Lingüístico de El Bierzo*, 1996, I). 2.3. The Spanish linguistic and ethnographic atlases of Manuel Alvar. 2.4. The ALECMAn (*Atlas Lingüístico (y etnográfico) de Castilla - La Mancha*). 2.5. The ALDC (*Atles Lingüístic del Domini Català*, III, 2006). 2.6. The linguistic atlases of France by regions. 2.7. Atlases of major territories: AIS, ALPI, ALPG. 2.8. The API (*Atlante Paremiológico Italiano*) and the *Geoparemiología*. 3. Rainbow, red skies, mackerel sky. Three samples of Geoparemiology in Ibero-Romance. 3.1. Rainbow. 3.1.1. Morning and evening. 3.1.2. Today and tomorrow. 3.1.3. West and east. 3.1.4. The importance of the rhyme 3.2. Red skies. 3.2.1. The end and the beginning of the day. 3.2.2. Cardinal points. 3.2.3. Without chronological implication. 3.2.4. With references to the environment. 3.2.5. Personification. 3.3. Images of mackerel sky and the like. 3.3.1. Ovine and goat images. 3.3.2. Other images, other motivations. 4. Paremiology and territory. Conclusion.

LIMIAR

Tras unha presentación da *Base de datos sobre refranes del calendario y meteorológicos en la Romania* (1) e dos diversos atlas románicos que lle sirven de fontes (2), presento tres mostras da variación diatópica deste tipo de paremias no espazo iberorromance: refráns meteorolóxicos coa implicación do arco da vella (3.1), dos roibéns (3.2) e das imaxes de ceo ovellado e afins (3.3). Na conclusión (4) pondero a utilidade dos materiais procedentes dos atlas románicos na investigación xeoparemiólica.

1. A BASE DE DATOS BADARE E AS SÚAS FONTES

A *Base de datos sobre refranes del calendario y meteorológicos en la Romania*, á que corresponde o acrónimo BADARE, é un proxecto que dirixo desde a Universidade de Barcelona (véxase a nota 1). O correspondente equipo investigador está constituído por once investigadores de diversos centros universitarios españoles e estranxeiros. Sobre a estrutura e a metodoloxía de BADARE, véxase o traballo de Pilar Río (2009: 173-180), unha das investigadoras do equipo.

A base pretende mostrar, coa axuda das novas tecnoloxías, a inmensa riqueza de saber patrimonial compartido en torno á meteoroloxía popular polos pobos románicos de Europa. Pódese consultar en liña (<http://stel.ub.edu/badare/>), e comezou a acoller fichas de refráns meteorolóxicos (do calendario ou vinculados a espazos de tempo diversos, e tamén sen implicación cronolóxica) o ano 2006. Dende o primeiro momento prestou atención especial á variación diatópica, á localización dos refráns nas obras de referencia, que adoita ser un indicio de fiabilidade nun ámbito científico en que a transmisión (chámese incluso copia) paremiográfica foi sempre unha práctica moi común.

Os refráns que acolle BADARE tómanse sistematicamente de fontes escritas publicadas no último século e medio. A base permite ao usuario catro tipos de busca, por separado ou combinadas:

(1) Textuais, que permiten rastrexar palabras ou fragmentos delas nas caixas de “texto”, “tradución literal”, “glosa” (cita literal) e “comentario”. Por exemplo, “agua de mayo”, na caixa de “texto”, conduce a un refrán como *Agua de mayo, pan para todo el año*. É de moita utilidade para as localizacións atribuídas aos refráns a caixa de “comentario”: así, mediante a busca nela de “Barcelona”, atópanse os refráns que as diversas fontes atribúen a esta cidade.

(2) Por linguas (unha, dúas, tres ou todas as da base). Por exemplo, para obter refráns con referencias textuais, asignacións conceptuais ou fontes bibliográficas compartidas por dúas ou tres linguas.

(3) Conceptuais: por ámbitos temáticos, categorías e subcategorías. Por exemplo: Cronoloxía > mes > maio + (b) Meteoroloxía > choiva, chover + (c) Ámbito temático xeral > tarefas agrícolas > colleita + augurio > bo augurio: dá como resultado a paremia castelá *Agua de mayo, pan para todo el año* e outras conceptualmente afíns.

(4) Por fontes bibliográficas, ordenadas por apelidos de autores: con possibles combinacións de ata tres fontes, o que permite observar a transmisión paremiográfica de refráns que aparecen como variantes nunha mesma ficha. Así, *Año de nieves, año de bienes*, en Rodríguez Marín (1883), Rodríguez Marín (1896) e Martínez Kleiser (1989 [1953]).

A partir do enlace de *Fuentes*, pódense realizar buscas textuais nas caixas de (1) *Autor*, (2) *Título*, (3) *Editorial*, (4) *Lugar* e (5) *Fecha*. Por exemplo, *Marín* na primeira caixa conduce a diversas obras de Francisco Rodríguez Marín. A voz *almanaque* na segunda caixa restrinxé o resultado a *Los refranes del almanaque*, obra publicada por ese autor en Sevilla o ano 1896. Ofrécese tamén a posibilidade de interrogar á base sobre detalles filolóxicos valiosos como número de páxina, número (e letra) de refrán, *sub voce* (en entradas de dicionario), volume e número de mapa (en informacíons procedentes de atlas lingüísticos).

Entre as fontes librescas, hainas que revisten un interese especial para a relación da lingua co territorio: así, achegas de refráns de áreas ou rexións específicas, como a de Extremadura (Díaz 1991); así tamén, monografías dialectais de corte tradicional, que inclúen refráns, como a de Zamora Vicente (1943) en Mérida. Así mesmo cómpre destacar a serie de coleccións de nomes de nubes, néboas e ventos en diversas comarcas do Principado de Cataluña, impulsada por Albert Manent, que achega refráns vinculados aos tres meteoros de referencia, con abundante implicación da toponimia local. Hai tamén dicionarios que dan conta de refráns acreditados de primeira man nos lugares de referencia, como o gran DCVB para o ámbito do catalán. E incluso repertorios dun ámbito romance nos que se confrontan os refráns cataláns cos homólogos doutros espazos neolatinos (Gomis 1998)ⁱⁱ. Nesta liña de estudio da paremioloxía ligada ao territorio, ben pouco observada ata de agora, coido que a explotación de datos procedentes dos atlas lingüísticos da Romania abre camiños de investigación ben prometedores. Por iso, na empresa colectiva de BADARE aténdese na presente fase de traballo aos atlas románicos, dende os de grandes dominios (como o ALPI ou o AIS), pasando polos de dominios medianos (ALGa, ALEANR, ALDC), ata os de áreas menores como a do Bierzo (ALBi).

2. OS ATLAS ROMÁNICOS

2.1. O ALGa (*Atlas Lingüístico Galego*, vol. IV, 2003)

Despois dunha primeira achega procedente deste impagable volume (Gargallo 2009), María Pilar Río Corbacho, profesora da USC, ocúpase do baleirado exhaustivo en BADARE de refráns meteorolóxicos do ámbito lingüístico galego. O volume, consagrado ao léxico relativo ao tempo atmosférico e cronolóxico, contén un apéndice (o terceiro, na parte final) co título de *refráns dos meses* (p. 461-474). En total, 883 testemuños de refráns do calendario, numerados correlativamente, que conteñen sobre todo referencias a meses, pero tamén a festividades ou días do calendario, como a Candeloria (2 de febreiro: números 204 ao 209), Santa Lucía (13 de decembro: números 872 ao 874) ou San Tomé Apóstolo (21 de decembro: número 877). Os refráns aparecen dispostos no apéndice por orde cronolóxico-temática e a mostra ofrece múltiples variantes de tipo fonético, morfosintáctico ou léxico en relación a paremiotipos básicos. Así, *Xaneiro xeabreiro* (25) e *Xaneiro xiabreiro* (26); *Marzo pelarzo* (304) e *Marzo é pelarso* (305); *En maio queima a vella o tallo* (463) e *En maio áinda a vella arde o tallo* (467). Cada rexistro vai acompañado do correspondente punto de enquisa do atlas.

A continuación deste apéndice, os *Índices do volume* (p. 477-531) inclúen un de ditos e refráns das notas (p. 519-522), no que unha listaxe ordenada alfabeticamente relaciona varios centos de refráns, con entradas distintas tamén para leves variantes, como: (1) *aire solán, auga na man*; (2) *aire solano, auga na mano*; (3) *aire solano, auga na man*; (4) *aire solano, auga na mao*; e con remisión sistemática aos mapas e ás notas correspondentes. Nesta listaxe, para atopar a información sobre os respectivos puntos de enquisa, o lector deberá acudir ás notas indicadas dos mapas respectivos. Por exemplo, na páxina 169, no mapa 62a (*Aire/vento do leste*) e nas notas 23, 9 e 15, específicanse os puntos P.9 (Santa Lucía de Moraña) –para o refrán aquí indicado como (1)–, C.35 (O Outeiro) –para o (2)–, L.18 (Viladonga) e P.5 (Moaide) –para o (4). E na páxina 159, no mapa 57a (*Aire/vento do sur*), a nota 16 localiza o refrán (3) en L.35 (O Outeiro). As iniciais das referencias aos puntos corresponden ás provinciasⁱⁱⁱ.

2.2. O ALBi (*Atlas Lingüístico de El Bierzo*, 1996, I)

No seu primeiro volume, o ALBi ofrece unha ducia de refráns meteorolóxicos do Bierzo, comarca fronteiriza onde se atopan o galego e leonés no continuum románico do noroeste peninsular.

2.3. Os atlas lingüísticos e etnográficos españoles de Manuel Alvar

No ALEANR (*Atlas Lingüístico y Etnográfico de Aragón, Navarra y Rioja*) atópanse representados tres tipos romances: altoaragonés, castelán e catalán. Como outros atlas lingüísticos que ademais se ocupan de aspectos etnográficos, este inclúe paremias entre as informaciones complementarias dos mapas relativos aos meteoros e ao ciclo festivo. Da colleita do ALEANR, xa incorporada a BADARE, me ocupo en Gargallo (2010).

Outros atlas de rexións españolas dirixidos por Manuel Alvar, como o ALEA e o ALEICan, conteñen tamén este tipo de paremias. E de todos eles se fixo un baleirado exhaustivo con destino á base de datos.

2.4. O ALECMAN (*Atlas Lingüístico (y etnográfico) de Castilla - La Mancha*)

Atlas de nova xeración, o ALECMAn (2003-) contén unha riquísima achega de refráns dos meses, así como de fenómenos atmosféricos diversos. Pódese consultar en liña (<http://www.linguas.net/alecman/>), e constitúe un complemento excelente aos atlas doutros espazos peninsulares dirixidos por Manuel Alvar (2.3). Un botón de mostra da magnífica colleita de refráns no atlas poderían ser as cinco páxinas do anexo de *Notas* sobre o mes de marzo (mapa 906), que contén ducias de testemuños do “paremiotipo” (ou tipo parémico) en que se invoca a Marzo, personificado, e se lle reduplica o nome con un derivado *ad hoc* que facilite a rima posterior. Así, o dialoxismo que aparece no primeiro lugar por orde correlativa: *Marzo, marzueco, guárdame uno para mureco*^{iv}. [E responde Marzo:] *Sí, te lo guardaré, pero el rabillo se lo cortaré* (AB [Albacete] 207: Villamalea); en relación coa crenza no diálogo ancestral entre o home (a vella, o pastor) e Marzo que tantas manifestacións ofrece na cultura popular romance (Pedrosa 1995; Gargallo 2003: 48); e que xustifica igualmente a notoria profusión de refráns galegos en que se invoca a Marzo con duplicacións comparables a aquela: *marceiro, marcelo, marcián, marciano, marsal, marsán, marzá, marzaco, marzagán, marzial, marzale, marzán, marzolo, marzola* (derivados que seguen a *Marzo* na devandita listaxe de refráns dos meses do ALGa: 2.1).

2.5. O ALDC (*Atles Lingüístic del Domini Català*, vol. III, 2006)

Contén as esferas semánticas do tempo cronolóxico e da meteoroloxía, e entre as informacións complementarias dalgúns mapas achega paremias. Por exemplo, no mapa 563 (*La Candelera*), que atribúe ao punto 188 (Alacant) o coñecido paremiotipo en que a Candeloria chora (*Si la Candelària plora + l'hivern fora*), e ademais unha singular variante para a segunda parte do refrán (*l'hivern flora*) que parece explicarse por ser esta a época da floración da amendoeira; fai pensar na paremia afín rexistrada por Sanchis (1951: 38, núm. 15) igualmente en Alacant (*Si la Candelària flora, + l'hivern està fora, + i si no flora, + ni dins ni fora*) e –máis lonxe– na que o ALEANR (mapa 1148: *La Candelaria*), localiza en Roncal (N [Navarra] 206): *Cuando la candelera plora, el invierno flora*. Sobre as metáforas do chorar (chover) e o rir (sol, bo tempo) da Candeloria como predición inversa para o inverno restante, e sobre os paremiotipos correspondentes, véxase Gargallo (2004: 117-121).

2.6. Os atlas lingüísticos de Francia por rexións

Segundo o plan ideado por Albert Dauzat dun *Nouvel Atlas Linguistique de la France par régions*, a mediados do século XX, o mosaico dialectal do hexágono galorromance compónse actualmente de teselas en forma de atlas lingüísticos rexionais, onde a parte etnográfica ten un peso importante, proporcional á contribución deste tipo de paremias. En ocasións, as paremias parecen ben xenuínas. Ás veces van acompañadas da tradución literal ao francés, a lingua-teito e de redacción. Pero non poucas son visiblemente traducións literais a partir das correspondentes nas variedades autóctonas, segundo un hábito bastante común na tradición paremiográfica francesa. É previsto baleirar pouco a pouco todo este material galorrománico (oil, occitano, francoprovenzal) en BADARE.

2.7. Atlas de espazos maiores: AIS, ALPI, ALPG

Do *Atlante italo-svizzero* (AIS, 1928-1940) pódense espigar algúns refráns (en xeral escasos). Por outra parte, se deixamos a un lado o único volume do ALPI impreso ata de agora, de fonética (1962), esta grande empresa colectiva da filoloxía hispánica e románica do século XX vai camiño de ver a luz grazas ao proxecto *Elaboración y edición de los materiales del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, dirixido dende 2009 por Pilar García Mouton, e que permitirá a consulta en liña dos materiais do atlas. Da colleita dos refráns no ALPI dan unha idea como antícpio a publicación dos que presentan a imaxe do ceo ovellado e afíns en Aragón (Casanova, 2004: 49), así como a de paremias diversas do ámbito administrativo valenciano (das dúas áreas lingüísticas, catalá e castelá) por parte de Vicent García Perales (2001).

Seguen tamén áinda inéditos os materiais do ALEPG, pero grazas a xentileza de João Saramago (investigador do *Centro de Linguística da Universidade de Lisboa*) dispoño dunha mostra de proverbios meteorolóxicos da que me sirvo na sección 3. Sobre este atlas, véxase Saramago (2006).

2.8. O API (*Atlante Paremiológico Italiano*) e a *Geoparemiología*

Nos anos 60 do século pasado o investigador italiano Temistocle Franceschi, membro do actual proxecto de ampliación de BADARE (véxase a nota 1), ideou un *Atlante Paremiológico Italiano*, ligado á disciplina que el mesmo chama *Geoparemiología*. A partir dun *Questionario* inicial (Franceschi *et al.* 1981-1984) ampliado despois (Franceschi *et al.* 1998/2000²), consistente en fórmulas parémicas na lingua-teito italiana que constitúen o patrón para as enquisas no traballo de campo, hai xa anos que se elaboran monografías de lugares do ámbito italorromance (Franceschi 2010). O meu desejo é que os materiais correspondentes se vaian incorporando no futuro á base de datos BADARE^v.

3. ARCO DA VELLA, ROIBÉNS, CEO OVELLADO. TRES MOSTRAS DE XEOPAREMOLOXÍA NO ESPAZO IBERORROMANCE

As tres mostras desta sección aproveitan datos do conxunto das dez mil fichas que contén BADARE en xullo de 2010. Procuro conxugar as informacions procedentes dos atlas (tamén as dos que esperan a súa inclusión na base de datos) coas doutro tipo de obras. Transcribo con fidelidade aos orixinais (só transformo en maiúscula a inicial minúscula dalgunhas fontes, para homoxeneizar criterios; e engado ocasionalmente signos de puntuación entre corchetes, para facilitar a lectura). Adapto a grafía aproximativa os refráns presentados en transcripción fonética (xa que a maioría de detalles fonéticos non teñen especial relevancia para o propósito desta investigación). A barra inclinada entre corchetes “[/]” indica salto de liña no orixinal.

3.1. Arco da vella

Tal como afirma Pilar García Mouton (1984: 179), “[...] el pueblo no siempre lo ve con buenos ojos y son frecuentes los conjuros, hoy observados como cancioncillas infantiles, que tienen como finalidad la desaparición del arco”. En Portugal oféndeselle con fórmulas como as recollidas polo ALEPG: *Arco da velha, tira-te daí, que as moças bonitas não são para ti* (Beja 3 - Serpa); *Arco da velha sai daí, que menina bonita não vai para ai* (Braga 1 - São Romão da Ucha). E de xeito similar é tratado nun par de testemuños do ALGa (mapa 91. *Arco da vella*, nota 8; C.38: A Serra de Outes): *Arco de*

*vela[,] vaite de aí[,] que as nenas bonitas non son para ti; Arco de vella[,] vaite de aí[,]
que as nenas bonitas non son para ti* (O.2: Brués, Boborás). Posiblemente esa animadversión explica tamén o exabrupto que rexistra o ALBi (mapa 85: *Arco iris / Arco da vella*) na localidade berciana galego-falante de Dragonte: *Arco da vella, tempo da merda.*

O arco multicolor non é visto en xeral como un indicio meteorolóxico a longo prazo. Pero a súa observación inspira nalgúns lugares crenzas sobre a súa función augural. As cores máis visibles considéranse sinal de colleitas propicias por afinidade cromática, segundo suxire o cuestionario do API (Franceschi *et al.* 2000²: 592) na fórmula italiana 11.05.13.02: *Arcobaleno / se è verde – si fa del fieno, se è rosso – si fa del vino, se è giallo – si fa della paglia.* Este augurio visual de bens tanxibles recórdame unha serie de indicios materiais por ducias (sal, cebola, noces) que dende o renovarse do ciclo anual (especialmente en torno ao solsticio de inverno) augura o tempo meteorolóxico dos doce meses do ano por vir en moitos lugares da Romania e do resto de Europa (Gargallo 1999: 264-266).

Tal como preciso noutro lugar (Gargallo 2006: 304), o arco da vella raramente sinala o tempo mais alá da xornada (en xeral matutina ou vespertina, cando é más doado velo, pola inclinación dos raios solares), ou dun día para o seguinte. Adoita estar en relación coas latitudes que indican o levante e o poñente do sol. Ou ben non indica lapso cronolóxico, pero é inherente á choiva que o precede, acompaña ou segue, e xustifica tantas e tantas fórmulas alusivas a *cando chove e fai sol* (Ferro 2007). Por iso, as manifestacións do arco como indicio meteorolóxico más alá da xornada seguinte son excepcionais, ligadas á crenza na prefiguración máxica do tempo, como nos doce indicios materiais para o tempo de doce meses, ou nas previsións de choiva dun día para corenta. *O arco da vella á travesía, tres semanas de invernía* (ALGa, mapa 91, Cuíña, Traba, Laxe: C.17) e unha verdadeira rareza. En cambio, son moeda corrente as previsións que implican partes da xornada (3.1.1) ou un lapso cronolóxico dun día para o seguinte (3.1.2), así como as que descansan no poñente e o raiante solares (3.1.3). E, como en todo tipo de paremias, o recurso á rima é ingrediente común, tamén nos que non aluden ao tempo cronolóxico (3.1.4). Véxase ao respecto Gargallo (2006: 306-312) e Río (2009: 180-188).

3.1.1. Mañá e tarde

La interpretació de l'arc de Sant Martí com a senyal d'aigua, és diferent segons que l'arc aparega el matí o el capvespre, i és different també segons les regions. A Catalunya i València creuen que en veure's l'arc al matí, plourà prest, i que en veure's l'arc al capvespre, no plourà; en canvi, a Mallorca i Menorca la interpretació és contrària, car consideren senya de pluja imminent l'aparició de l'arc al capvespre, i com a senyal que no plourà l'aparició de l'arc al matí. (DCVB, s. v. *arc*)

Segundo o DCVB, nas rexións peninsulares do catalán o arco matutino anuncia choiva; e o vespertino, bo tempo. En cambio, nas Illas Baleares a previsión de mañá (bo tempo) e tarde (choiva) é inversa. Os refráns do ALDC (mapa 678. *L'arc de Sant Martí*) incorporados a BADARE corroboran esta apreciación:

- *A la vesprà [vesprada] / la pluja ja és passà [passada] // al matí / la pluja pel camí.*
Localizado no punto 95, que corresponde á localidade prepirenaica de Sort. *Vesprà [vesprada]* é unha designación para a tarde moi característica da variedade valenciana

(tal como amosa o mapa 625. *La tarda*), e como correspondencia ao francés *soir* e o italiano *sera* aparece de maneira dispersa nalgunhas respuestas do mapa 627 (*El vespre*) en puntos de Cataluña. Pero comparece en refráns meteorolóxicos do arco tanto en Valencia como en Cataluña (véxanse os seguintes).

- *Arc al matí, la pluja és aquí; l'arc a la tarda, la pluja és passada.* Localizado polo DCVB (s. v. *arc*) en Tarragona. O ALDC rexistra no punto 113 (Linyola, da bisbarra catalá do Pla de l'Urgell) unha variante con elipse de arco: *Al matí / la pluja és aquí / a tarda / la pluja está passada.*

- *Arc de matí / la pluja está ací // arc de vesprà [vesprada] | la pluja está passà [passada].* O ALDC localiza o refrán no punto 164 (Alfafar, xunto a Valencia capital).

- *L'arc de Sant Martí al matí, la pluja ja és aquí; l'arc de Sant Martí a la tarda, la pluja está passada.* Localizado polo DCVB (s. v. *arc*) en Vallcorba. Gomis (1998: 95) atribúe ao Campo [Camp] de Tarragona o mesmo refrán, pero sen o artigo nas dúas mencións do arco: *Arc de Sant Martí al matí, [/] la pluja ja és aquí; [/] l'arc de Sant Martí a la tarda, [/] la pluja está passada.* Estruch (2003: 90) recolle na bisbarra catalá do Bages estas variantes: *Quan surt l'Arc de Sant Martí al matí, la pluja ha de venir; si surt a la tarda, la pluja ja és passada; L'Arc de Sant Martí al dematí, la pluja ja és aquí; l'Arc de Sant Martí a la tarda, la pluja ja está passada.* Tamén na bisbarra do Bages, e más concretamente en Balsareny (punto 44), o ALDC localiza unha variante con elipse do arco: *Si surt al dematí, la pluja ja és aquí; si surt a la tarda, la pluja ja és passada;* e no punto 117 (Arbeca, comarca de les Garrigues): *L'arc de Sant Martí al matí / la pluja ja és aquí | l'arc de Sant Martí a la tarda | la pluja está passada.*

- *L'arc de vesprà [vesprada] | l'auia passà [passada] || l'arc de matí | l'auia está ací.* O ALDC localiza o refrán no punto 177 (la Font de la Figuera, no interior de Valencia); nótese o valencianismo *auia*, así como a pronunciación como -á (< -ada < -lat. -ATA) característica da maior parte do catalán de Valencia.

- *Ratlla de Sant Martí al matí, [/] l'aigua és aquí; [/] ratlla de Sant Martí a la vesprada, [/] l'aigua és passada.* Atribuído por Gomis (1998: 95) a Benifallet, localidade da comarca da Ribera de Ebro. Noutra poboación das terras do Ebro, Rossell (no límite valenciano con Cataluña): *Quan surt la ratlla de Sant Martí, de matí, aigua aquí; i de vesprada, aigua passada* (Gargallo / Pradilla 1997: 80). Por outra parte, o ALDC localiza unha variante do refrán no punto 110 (Cubells, na Cataluña central): *Ratlla de Sant Martí al dematí / la pluja ja és aquí / ratlla de Sant Martí a la tarda / la pluja ja és passada.*

- *Si surt al dematí / par[a]-li el bací ['a bacía'] / si surt al vespre / par[a]-li la testa ['a cazola'].* O ALDC localiza este refrán, con elipse do arco, no punto 34 (Santa María de Corcó, bisbarra catalá de Osona). Restituímos a vocal átona en *par[a]-li*; e interpretamos que choverá máis ou menos tanto pola mañá como pola tarde. Gomis (1998: 95) localiza en Arenys de Munt (bisbarra catalá do Maresme): *Arc de Sant Martí al matí, [/] para-li el bací; [/] arc de Sant Martí al vespre, [/] para-li la testa.* Para a última parte Gomis ofrece as variantes *la pluja está llesta* e *la pluja resta*. Por outro lado, o DCVB (s. v. *arc*) localiza na veciña Pineda (da mesma comarca, el Maresme): *Arc de Sant Martí al dematí, para-li el bací; [/] i al vespre, para-li la testa;* e nas comarcas do Ampurdán e

da Garrotxa, esta variante: *L'arc de Sant Martí, si surt el matí, para-li el bací; si surt el vespre, para-li la testa.*

- *S'arc de Sant Martí, si surt es matí, fé ton camí; si surt es capvespre, no vages a festa.* Este refrán de Mallorca responde á predición de choiva a partir do arco matutino, e de bo tempo a partir do vespertino, segundo as indicacións devanditas do DCVB (s. v. *arc*). O refrán é rexistrado precisamente por esta obra, que engade unha variante para a última parte: “o «treu es cap a sa finestra»” [‘saca a cabeza á fiestra’]. Cómpre sinalar as formas dialectais *fé* (con asimilación consonántica da *-s* de *fes*), *vages* (por *vagis*) e as formas do artigo “salat” característico das Baleares. O ALDC rexistra no punto 81 (Felanitx, Mallorca) unha variante con elipse na mención do arco: *Si surt es dematí, prením bon camí; si surt es capvespre, demà farem festa.*

Non resulta precisa a previsión meteorolóxica nestes outros dous refráns:

- *Arc de Sant Martí es matí, o fa ploure o fa aclarir.* Localizado polo DCVB (s. v. *arc*) en Menorca. O ALDC rexistra en Es Migjorn Gran (Menorca): *S'arc de Sant Martí | o fa ploure o fa espargir* [‘escampar’]. Nótese o uso do artigo “salat”, procedente do latín IPSU.
- *L'arquet de Sant Martí / va millor a la tarda que al matí.* O ALDC recolle o refrán no punto 3 (Perpiñán, na Cataluña do Norte, baixo administración francesa).

Por outra parte, do material inédito do ALEPG proceden diversas paremias portuguesas que responden a un paremiotipo de molde iberorromance en que riman *tarde* e *balde* (ou as formas prefixadas *debalde*, *embalde*): *Arco da velha de tarde / não vem cá debalde* (Portalegre 5 - Porto da Espada); *Arco da velha de tarde / não vem em debalde* (Portalegre 6 - Campo Maior); *O arco da velha em tarde, não vem embalde* (Beja 5 - Barrancos); *Arco da velha à tarde, não vem embalde e de manhã, não vem em bem* (Évora 2 - Alcáçovas). Cf. en Carrusca (1976: 244): *Arco da velha à tarde [/] não vem cá debalde* (e, ademais, coa variante *em balde*).

Algúns refráns homólogos en galego: *Arco da vella á tarde non vén de balde: se non trae chuvia, traerá aire*; atribuído por Vázquez Saco (2003: 154, núm. 3633) a un texto mecanografiado de Loureiro de Cotobade, así como a un manuscrito coa referencia de “*Fraguas, Vida Gallega*”. Compárese co testemuño da mesma obra: *Aire de Calde non traballa en balde* (Vázquez Saco 2003: 153, núm. 3598); coa seguinte glosa: “*Calde, parroquia inmediata a Lugo, hacia el sur. Trae agua*”.

En castelán Martínez Kleiser (1945: 42) rexistra *Arco en la tarde, no viene en balde*; o mesmo autor, noutra obra (Martínez Kleiser 1989 [1953]: 56, núm. 5184), remite a Rodríguez Marín a variante sen artigo: *Arco en tarde no viene en balde*. E Rodríguez Marín (2007 [1926]: 45) recolle así mesmo o refrán, cunha glosa que indica a súa localización moi preto de Portugal: “*Recogido en Higuera de Vargas (Badajoz). Observa que cuando sale el arco iris por la tarde, sobre todo, después de una tormenta con lluvia, mejora el tiempo*”.

3.1.2. Hoxe e mañá

- *Hoy arco, mañana charco*. O ALEA (mapa 860. *Arco iris*) rexistra o refrán no punto Ma 406 (Málaga). Aínda máis sinxelo, e tamén con rima consonante, é o testemuño veciño de Gella (1944: 20): *Arco, mañana charco* (de Peñarrubia, Málaga).

- *Arco de San Txuan / aigua [ha]sta demà*. O ALDC (mapa 678. *L'arc de Sant Martí*) localiza este refrán híbrido en les Paüls (punto 93), na Ribagorza oscense, xunto á fronteira lingüística de tránsito entre o catalán e o altoaragonés. Do outro lado desta, na ribeira do Ésera, atopamos o espello fronteirizo na variedade do aragonés ribagorzano de transición ao catalán: *Arco de San Juan, / aigua pa demán* (Gomis 1998: 96, nota 34). O mesmo autor localiza nunha poboación desta ribeira, Santa Liestra, un refrán de feitura máis catalá: *Arco de San Juan pel matí, / aigua de tarda pel camí*; e outro con predominio de elementos casteláns: *Si sale el arco de San Juan, / prevén la capa per demán* (ibidem). “Arco (de) San Juan es la respuesta más frecuente [recollida no ALEANR, mapa 1336] en Huesca”, segundo García Mouton (1984: 172).

3.1.3. Poñente e levante

Os refráns do arco ligados a estes dous puntos cardinais expresan frecuentemente a predición de mal tempo (choiva) e bo tempo mediante as tarefas da labranza cos bois no campo:

- *Se o arco de vella está para o poñente, ceiba os bois e vente; se está para o raiente, fala ós bois para adiante* (ALGa, mapa 91. *Arco da vella*, nota 6; C.23: Rodís, Cerceda).

- *Arco de vella pó poniente, recolle os bois e vente; arco da vella pó oriente, afálalle ós bois pa diante* (ALGa, mapa 91, nota 7; C.35: O Outeiro, Sar, Santiago de Compostela).

- *Arco al levante, no te espantes; arco al poniente, desunce y vente*. O ALEA (mapa 860. *Arco iris*) rexistra o refrán no punto Al 600 (Carboneras). Cf. outro testemuño da Andalucía oriental: *Arco al Levante, / labra y no espantes; / arco al Poniente, / coge la capa y vente*; localizado por Gomis (1998: 96, nota 34) en Quesada (provincia de Jaén). Nesta mesma rica nota ao pé, Gomis localiza en Osuna (provincia de Sevilla): *Arco iris por levante, / levanta el tiempo al instante; / arco iris por poniente, / coge los bueyes y vente*. Osuna é o lugar onde naceu o grande paremiólogo Francisco Rodríguez Marín, que entre os seus *Cien refranes andaluces* recolle, con grafía dialectalizante: *Arco iris por lebante, -levanta er tiempo al istante. -Arco iris por poniente, -coge los güeyes y bente* (Rodríguez Marín 1883: 7, núm. 15). Non parece, pois, caber dúbida sobre a fonte de onde bebeu Gomis, que escribe áinda nesta nota 34: “A la provincia de Jaén donen el nom de *pata de cabra* a un tros d'arc de Sant Martí que es veu de vegades entre nívols. Quan surt la *pata de cabra*, és senyal segur de pluja [...]”. Outras *patas de cabra* recolle no centro peninsular o ALECMAn (mapa 971: *Arco iris*. Notas); en tres puntos da provincia de Ciudad Real:

- *La pata cabra al poniente, desunce la yunta y vente* (CR 408: Villahermosa).

- *Si ves la pata cabra salir a poniente, desunce la yunta y vente* (CR 605: Torrenueva).

- *Si la pata cabra está al saliente, desunce la yunta y vente* (CR 606: Villanueva de los Infantes).

Son *patas de cabra* manchegas que responden a unha motivación esotérica similar á da localidade mallorquina de Sinéu, onde o ALDC (punto 76 do mapa 678. *L'arc de Sant Martí*) recolle como segunda resposta *coll de cabra*, acompañada desta explicación: “Quan només es fa mig arc”.

3.1.4. A forza da rima

- *Arco da velha, chuva na quelha* (ALEPG: Braga 3 -Vila Boa de Bucos; material inédito).
- *Arco de vieja / no llena charco / y, si lo llena, / corre barranco.* Localizado polo ALEICan (mapa 762. *Arco iris*) no punto LP 10 (Tijarafe). Nótese a designación canaria *arco de vieja*, de motivación análoga á do galego e portugués (*arco da vella/velha*) e a do asturiano (*arcu la vieya*); inspirada na ancestral crenza nunha esotérica figura feminina: “La vieja parece ser en toda Europa un demon femenino que mueve las fuerzas de la naturaleza” (en palabras de Pilar García Mouton 1984: 184). Por outra parte, compárese con *Agua de arco no hinche charco; mas si lo hinche, corre barranco* (Martínez Kleiser 1989 [1953]: 56); no repertorio navarro de Pejenaute (1999: 269): *Agua de arco, no hincha el charco; mas si lo hincha, llena el barranco*.
- *La ratlla de Sant Martí / la pluja ja està ací.* O ALDC localiza o refrán no punto 179 (Pego, no interior valenciano). Como nos casos anteriores, axuda á memoria a forza da rima.

3.2. Roibéns

O DRAG exemplifica a entrada *roibén* co refrán *Roibéns ó nacente, auga de repente*; e remite para a variante *rubién*, que define con dúas acepcións: (1) “Luz radiante en tons vermellos que tinxe as nubes no horizonte ó abri-lo día ou ó atardecer, cando lles dá o sol”; (2) “Nubes de cor vermella ou encarnada que hai ó abri-lo día ou ó atardecer cando as ilumina o sol”. Os indicios baseados na cor do ceo e as nubes nas primeiras e nas últimas horas de luz diúrna constitúen un motivo paremiológico que se remonta á Biblia (Mieder 1996: 61). Hoxe está moi ben representado no espazo románico (véxase en BADARE: *Meteorología > cielo > arreboles*), e ademais é coñecido noutras linguas, como a inglesa: *Red sky at night, sailor's [shepherd's] delight; red sky in the morning, sailors take warning* (Mieder 1996: 62).

A estrutura dos refráns correspondentes aos roibéns recorda bastante á dos refráns do arco da vella (3.1): abundan as referencias contrapostas aos extremos da xornada diúrna (3.2.1), así como ao levante e ao poñente (3.2.2). Hainos tamén sen mención de lapsos cronolóxicos, por máis que só poden referirse aos crepusculos matutino e vespertino (3.1.3). Algúns toman como referente o medio natural (mar, monte, topónimos: 3.2.4). E a grande maioría obedece así mesmo á forza da rima.

Nas paremias galegas temos diversos derivados do latín RŪBEU (*roibéns, rubéns, rubianas, rubieiras*), do que proceden tamén as formas adxectivas *royo* (do aragonés) e [*mar / posta*] *rocha / rotxa* (do catalán de Valencia). De RŪBOR, da mesma familia latina, sae o derivado romance **arruborar*, disimilado en *arrebolar*; e deste, o posverbal *arrebol* (*arreboles, arrebolada*) propio do castelán (DCECH, s. v. *rubio*).

Outro representante latino da mesma familia léxica indoeuropea é RÜSSEU, do cal provén o galego *roxo*. A cor especial do ceo inspira todas estas designacións, así como a cruenta imaxe da *vaca desollada* de diversos refráns casteláns. A personificación das nubes e a veciñanza con Galicia explicará as *galleguiñas con refaixo rubio* do refrán berciano que remata este apartado (3.2.5).

3.2.1. Final e principio da xornada diúrna

- *Alba roya, viento o ploya*. Refrán altoaragonés localizado en Jaca (punto Hu 107) polo ALEANR (mapa 1315. *Significación atribuida a los arreboles de la salida o puesta de sol*), que rexistra no punto Hu 109 (Yebra de Basa) estas variantes: *Alba roya, viento y pluya; ou viento y pluvia*.

- *Alba rubia, viento o lluvia*. O mesmo mapa do ALEANR localiza o paremiotipo anterior, pero co cultismo *rubia* en lugar da voz patrimonial *roya*, nos seguintes puntos de enquisa: Na 300 (Pamplona), Na 400 (Artieda), Na 403 (Javier), Na 502 (Cascante), Na 601 (Arguedas), Z 400 (Las Pedrosas) y Z 402 (Zuera). En Te 102 (Muniesa): *Alba rubia, o viento o lluvia*. Gomis (1998: 93) localiza o refrán en Longares (provincia de Zaragoza): *Alba rubia,/ viento o lluvia*. Cf. *Aurora rubia, o viento o lluvia*; paremia rexistrada por Martínez Kleiser (1989 [1953]: 29, núm. 2625). Coa variante *pluvia*, de feitura culta ou latinizante, aparece na páxina 524 (núm. 45.932) da mesma obra, que toma o refrán de Correas (núm. 2378 da edición de Combet *et al.*, 2000 [1627]: 112). Conde (2001: 115) atribúe ao galego este mesmo paremiotipo: *Aurora roiba, ou vento ou choiva*.

- *Candilejo al anochecer, agua al amanecer*. O ALEA (mapa 835. *Arreboles*) localiza o refrán no punto SE 406 (Paradas). O *Vocabulario andaluz* de Antonio Alcalá Venceslada (1980: 123) rexistra *candilejo* co significado de ‘roibén’. Outro testemuño andaluz é o de Gomis (1998: 100), que localiza en Peal de Becerro (provincia de Jaén): *Candilazo al anochecer, / agua al amanecer*; e engade: “Igual cosa diuen a Sevilla i Madrid”. *Candilazo* que o DRAE define, na segunda acepción, como “arrebol crepuscular”. *Candilazo* e *candilejo* derivan de *candil*, que alumea, como o sol dos roibéns.

- *Encarnado á cena, bon tempo espera*. Refrán localizado polo ALGa (mapa 41b. *Roibén*) no punto A.3 (Porzún, Piantón, A Veiga), na raia de Asturias con Galicia. Nótese a forma *cena*, en lugar da normativa *cea*; como neste outro rexistro do ALGa (mapa 41a. *Roibén*) na Asturias de fala galega: *Rubién de cena, sol espera; rubién de mañana, ou viento ou auga* (punto A.6: Pesoz); presenta os castelanismos *mañana* e *viento*.

- *Néboas rubias e sol posto, tempo composto/descomposto* (ALGa, mapa 10a: *Postura do sol*; punto O.22: Campobecerros, Castrelo do Val). O mesmo refrán e no mesmo punto aparece no mapa 41a (*Roibén*).

- *Nubes rubias e sol posto, tempo composto; nubes rubias e sol nado, tempo mollado*. Recollido polo ALGa nos mapas 41a (*Roibén*), 10a (*Postura do sol*) y 1e (*Amencer*); nos tres, no mesmo punto O.30 (Oímbría).

- *Posta rotxa / ponent o plotxa*. O ALDC (mapa 665. *La pluja*) localiza o refrán no punto 168 (l'Alcúdia de Carlet). Translitero ortograficamente a transcripción fonética do atlas. As formas *rotxa* e *plotxa* presentan enxordecemento das palatais correspondentes, conforme á variedade “apitxada” do valenciano.

- *Posta rotxa, auia.n clotxa*; recollida polo ALPI na variedade valenciana de Aín (punto 760) [García Perales, 2001: 2031]. O mesmo atlas atribúe a outro punto valenciano (Casinos: 765): *Alba rotxa, auia la clotxa*; e máis alá da fronteira lingüística, en Pedralba (localidade da Serranía interior da provincia de Valencia; punto 768): *Puesta de sol rocha, agua en la clocha* (García Perales, 2001: 2031). A voz *clocha* ‘focha, foxo’ está moi arraigada na variedade valenciana e penetra como catalanismo nas falas castelás contiguas (DECat, s. v. *clot*; II, 769, liñas 43-49). O adjetivo *rocha* é tamén catalanismo (a partir de *roja* e co enxordecemento da palatal) destas falas castelás da Valencia interior e do Baixo Aragón. Cf. *Mar rocha, agua en clocha* (3.2.4b).

- *Rubieiras pola mañá, pola tarde a capa mollada* (ALGa, mapa 41a. *Roibén*; punto O.8: Larouco).

- *Tarde arrebolada, mañana mojada*. Así, en Martínez Kleiser (1945: 42) e no repertorio navarro de Pejenaute (1999: 272). O ALEA (mapa 836. *Arreboles vespertinos*) rexistra no punto J 400 (Santiago de la Espada) unha variante cos substantivos en forma diminutiva: *Tardecica arrebolada, mananica mojada*.

3.2.2. Puntos cardinais

a) Nacente

- *Arrebolá [arrebolada] al saliente, suelta los bueyes y vente* (ALEA, mapa 835. *Arreboles*; punto J 502: Valdepeñas de Jaén).

- *Rubieiras ó naciente, sol ó poniente* (ALGA, Mapa 41a. *Roibén*; punto O.8: Larouco). Nótense os castelanismos *naciente* e *poniente*.

- *Rubianos al naciente, agua al poniente*. O ALBi (mapa 64. *Luz de amanecer / Luz de amencer*) rexistra o refrán na localidade berciana de Llamas de Cabrera.

- Na mesma área do Bierzo, no mapa 65 (“*Rubián*” / *Roibén*): *Rubio al naciente, agua de repente* (Villaverde de la Abadía); *Rubianas ó naciente, agua de repente, rubianas ó poniente, sol de repente* (Vega de Yeres); e no mapa 63 (*Luz de atardecer*): *Rubiais al naciente, auga de repente* (Quilós). Preto do Bierzo, en dous puntos lucenses, o ALGa (mapa 41a. *Roibén*) recolle: *Rubiés ó nacente, auga de repente* (L. 30: A Lagoa, Lamas, Triacastela); e o mesmo refrán coa variante *rubiéis*, en L.32 (Seoane do Courel, Folgoso do Courel).

- *Vaca desollada a saliente, agua a poniente*. O ALECMAN (mapa 938. *Arreboles del amanecer*) atribúe o refrán ao punto CU 204 (Tragacete). E nas notas anexas a este mapa, unha variante: *Vaca esollá al saliente, suelta los bueyes y vente* (punto GU 410: Checa).

b) Poñente

- *Rubianas ó poniente, agua o aire.* Localizado polo ALGa (mapa 41a. *Roibén*) no punto Le.4 (Carracedo de Monasterio, provincia de León). Son tamén leoneses (bercianos) os testemuños de roibéns ao poñente do ALBi: *Rubianas a poniente, sol al día siguiente* (mapa 54. *Atardecer / Atardecer*: en Santa Cruz); *Rubiaias ó poniente, sol ó naciente* (Mapa 63. *Luz de atardecer / Luz de atardecer*; en Quilós).

c) Norte [?]

- *Rubiaias al norte, agua al sur.* Localizado polo ALBi (mapa 63. *Luz de atardecer*) en Tejedo [Teixeу] de Ancares, é un refrán insólito, pois os roibéns, asociados á luz do sol, acompañan a saída (leste) ou a posta (oeste).

3.2.3. Sen implicación cronolóxica

- *Sol royo, viento u ploro.* O ALEANR (mapa 1315. *Significación atribuida a los arreboles de la salida o puesta de sol*) atribúe a Santa Lecina (Hu 600) este curioso refrán en que *ploro* ‘choro’ se refire á coñecida metáfora da choiva. Trátase posiblemente do substantivo, e non da primeira persoa do presente de indicativo de *plorar*.

- *Broma roja, [/] vent o ploja.* Localizado por Gomis (1998: 99) na bisbarra catalá do Rosellón (baixo administración francesa). O ALDC (mapa 663. *Els núvols*; 665. *La pluja*) recólleo en Perpiñán (punto 3), e a transcripción fonética da fonte reflícte a pronunciación como “u” do [o] pechado histórico, trazo que vincula o catalán máis setentrional co occitano: *Bruma ruja, vent o pluja* (en transliteración aproximativa). Entendemos aquí *broma* no sentido xenérico de ‘nubes’, propio da área pirenaica^{vi}. Cf. o refrán homólogo do occitano aranés: *Broma arroja, vent o ploja* (CNLVA 1992: 22) e estoutro testemuño occitano na súa variedade languedociana: *Brumo roujo, [/] Vent o ploujo* (Mistral, s. v. *brumo*); en grafía normativa: *Broma roja, [/] Vent o ploja*. Por outra parte, o ALDC non inclúe un mapa específico sobre os roibéns, que sen dúbida tería amosado a grande difusión da paremia catalá *Cel rogent, pluja o vent*, que non atopamos no atlas. En cambio, e significativamente, acompaña como exemplo ilustrativo a entrada *rogent* [“Vermellós, s’aplica al cel”] do DIEC, o dicionario normativo do catalán.

- *[La vaquilla (de)sollá] a los tres días remojá.* O ALECMAn (mapa 938. *Arreboles del amanecer*) rexistra o refrán no punto CU 109 (Huete). Expresa tamén a predición de tres días de choiva esta variante extremeña: *Vaca “soyá” y a los tres días “mojá”*; localizada en Oliva de la Frontera e comarca (da provincia de Badajoz) por Díaz (1991: 85). Na monografía de Zamora Vicente (1943: 143) sobre Mérida rexístrase unha variante ampliada: *Vaca esoyá, a los tres días mojá; – si se ve en jueves, – a los tres días llueve. – Si es castiza, – desde el primer día atiza*.

- *Vaca morena, delante el sol, escuece la uña, regaña el pastor.* O ALECMAn (mapa 938. *Arreboles del amanecer. Notas*) deixa constancia no punto AB 307 (El Bonillo) desta preciosa imaxe dunha “vaca morena”, que parece ter como substrato a menos plástica da “vaca desollada”.

3.2.4. Con referencias ao medio natural

O mar e o monte, o mar e a terra, ou referencias a topónimos, marcan a orientación dos roibéns e as consecuentes predicións meteorolóxicas. Os refráns galegos miran ao mar cara o seu poñente (a). En cambio, no levante peninsular, a *mar rocha* ('mar roxo') refírese ao leste, ao Mediterráneo (b):

a) Ámbito galego (e berciano)

- *Estando encarnado ó mar, colle os bois e vai labrar; estando encarnado ó monte, colle os bois e méteos na corte;* no ALGa (mapa 41b. *Roibén*), punto C.48 (Cabo de Cruz, Castro, Boiro). O mesmo mapa rexistra unha variante en P.12 (Fefiñáns, Cambados): *Encarnado polo mar, colle os bois e vaite labrar; encarnado polo monte, colle os bois e ponos na corte.* Tal como algúns refráns do arco da vella a poñente e nacente (cf. 3.1.3), vincula a predición de mal tempo (choiva) e bo tempo ás tarefas da labranza cos bois no campo.

- *Roibéns ó monte, bois á corte; roibéns ó mar, vellas a raxar; roibéns á ribeira, vellas á pateira;* no mapa 41a (*Roibén*) do ALGa; punto P.9 (Santa Lucía de Moraña, Saiáns, Moraña).

- *Roibeza ó mar, mariñeiros a pescar; roibeza á terra, mariñeiro á merda.* No mesmo mapa 41a (*Roibén*) do ALGa (C.8: A Queira, Cervás, Ares), como o refrán seguinte.

- *Rubéns ó mar, vella no sollar; rubéns ó Ribeiro, vella no lareiro* (P.20: A Graña, O Covelo).

- *Roxo para Oseira, vellas á raxeira; roxo para Monforte, vellas tras do pote;* tamén no ALGa (mapa 41b. *Roibén*); punto L.36 (A Barrela, Lousada, Carballedo).

- *Buen tiempo, rubio pa Fornela;* recollido polo ALBi (mapa 63: *Luz de atardecer*) en Villar de las Traviesas, constitúe unha rareza que a expresión do roibén (*rubio*) veña na segunda parte do refrán, e non na primeira como referente da predición.

b) Entre a Valencia interior e o Baixo Aragón

- *Mar rocha, agua en clocha.* O ALEANR (mapa 1314. *Arreboles de la salida y puesta de sol*) rexistra o refrán no punto Cs 301, que corresponde a Bejís e non a Segorbe, como erroneamente figura no atlas. Trátase da comarca do Alto Palancia (provincia de Castellón), pertencente a franxa de fala castelá do interior valenciano. Da outra parte da raia con Aragón, na provincia de Teruel, o mesmo mapa rexistra no punto Te 307 (Cedrillas): *La mar rocha, agua en la clocha.* Cf. *Posta rotxa, auia.n clotxa* no punto 3.2.1, e as referencias correspondentes a *rocha* e *clocha*.

3.2.5. Personificación

- *As galleguiñas con refaixo rubio, sol seguro.* A personificación de meteoros é unha das categorías que acolle BADARE. Ocupámonos deste aspecto tan suxestivo da cultura popular romance en Gargallo / Torres (2010). Neste caso, aínda que non o precise a fonte (ALBi, mapa 65. "Rubián" / *Roibén*), as *galleguiñas con refaixo rubio* deben de

ser as nubes roxas que dende Dragonte, onde se recolle o refrán, se ven de cara á posta na Galicia raiana.

3.3. Ceo ovellado e imaxes afíns

A mirada ao ceo proxecta imaxes do hábitat da terra. As nubes compáranse con persoas (así, nas “galeguiñas con refaixo” de 3.2.5) ou con animais (vacas *desolladas*: 3.2.2a, 3.2.3). É moi frecuente a imaxe dun ceo con ovellas ou cordeiros, da que aquí ofrecemos unha mostra iberorromance (3.3.1), pero que ten abundante representación noutras áreas románicas (francés: *Ciel vêtu de laine, eau peu lointaine*; italiano: *Cielo a pecorelle, acqua a catinelle*). A imaxinación popular ten creado ademais múltiples imaxes dun ceo a roquiñas, empedrado, a montóns, entre outras, que se asocian a obxectos e aspectos diversos do medio natural e da vida cotiá, como se verá nesta achega iberorrománica (3.3.2); e presenta homólogos tamén noutras áreas románicas (francés: *Ciel pommelé, femme fardée / Ne sont pas de longue durée*; italiano: *Aria a pane [/] se non piove oggi pioverà domane*). Nas recollas de nomes de nubes, néboas e ventos por comarcas catalás que ten levado a cabo Albert Manent, hai centos de refráns con este tipo de imaxes, que Joan Veny (2009) catalogou por motivacións e afinidades formais.

3.3.1. Imaxes ovinas e caprinas

- *Al cel cabretes, [/] a la terra bassetes*. Así, en Gomis (1998: 101), que localiza o refrán na comarca do Campo [Camp] de Tarragona. O ALDC (mapa 656. *El cel ennuvolat*) rexistra nos puntos 25 e 32 (respectivamente, Roses e Camallera, da comarca do Alto Ampurdán): *El cel fa cabretes, la terra farà bassetes* ['balsiñas'].

- *Cel a borreguets, [/] aigua a cantirets*. Trátase dun paremiotipo bastante difundido polo catalán peninsular. Gomis (1998: 101) rexístra sen localización. Manent (2002: 19) asigna a variante con *cantirets* a Camarles e l'Aldea (comarca do Baix Ebre); e nas páxinas 54 e 55, á localidade de Molins de Rei (el Baix Llobregat). Así mesmo, noutra recompilación (Manent, 1999: 21), á comarca do Barcelonés. O testemuño do ALDC (mapa 656. *El cel ennuvolat*) para o punto 155 (Borriana, na Plana de Castellón) inverte os conceptos do refrán, por confusión do informante (segundo glosa a propia fonte): *El cel a canterets, auia a borreguets*. O mesmo ALDC recolle máis ao sur: *El cel a borreguets | l'auia a canterets* (la Font de la Figuera); ambos, co valencianismo *auia*.

- *Cielo a carneros, agua a calderos*. O ALEANR (mapa 1311. *Cielo emborregado*) localiza o refrán en Biel (Z 201), da provincia de Zaragoza. Na de Huesca (Hu 105: Berdún): *Cielo a carneros, el agua a calderos*. Cf. no repertorio oscense de Arnal (1997 [1953]: 31): *Cielo a borregos[,] agua a calderos*. Pola súa parte, Gomis (1998: 102) atribúe ao Baixo Aragón: *Cielo a corderos, / agua a calderos*. Precisamente onde localiza o refrán Rodríguez Marín (2007 [1926]: 74).

- *Ceo ovellado, chan mollado*; no ALGa (mapa 42a. *Ceo ovellado*), no punto C.25 (Xanceda, Masía); *Ceu de lan, se non chove hoxe chove mañán* (mapa 42b. *Ceo ovellado*), no punto C.17 (Cuíña, Traba, Laxe). Son dúas mostras de entre as moi numerosas paremias galegas que responden a esta imaxe e que recollen estes dous mapas.

- *Cielo encabricao, a los tres días mojao*; no ALEANR, mapa (1311: *Cielo emborregado*), punto Cu 400 (Santa Cruz de Moya), localidade conquense nos lindeiros co enclave administrativo valenciano do Rincón de Ademuz. Cf. *Cielo empedrado, a los tres días mojado* (3.3.2).

3.3.2. Outras imaxes, outras motivacións

- *Al cel bassetes, [/] a la terra pastetes*; ‘balsiñas’ que se trasladan ao ceo; pastiñas de terra mollada. O refrán figura así en Gomis (1998: 101). O ALDC (mapa 656. *El cel ennuvolat*) rexistra no punto 45 (Moià, el Bages): *El cel fa bassetes, [/] a la terra hi ha pastetes*; e no punto 37 (Cruïlles, comarca del Baixo Ampurdán): *Quan el cel fa bassetes, a la terra es fan pastetes*.

- *Cel a roquetes* [‘roquiñas’] / *aigua a canterelletes* [‘botixiños’]. O ALDC (mapa 656. *El cel ennuvolat*) localiza o refrán no punto 152 (Atzeneta del Maestrat). O DCVB atribúe ao valenciano a forma *canterella*. Cf. más abaixo *En el cel roquetes, a la terra bassetes*.

- *Cel borrugat, suelo mullat*; no ALEANR (mapa 1311. *Cielo emborregado*), punto Hu 404 (Tolva) da área catalanfalante de Aragón. En Benabarre [Benavarri], localidade aragonesa veciña, o ALPI (punto 613) recolle *Cel borrugat, camp regat* (Casanova, 2004: 49). O adxectivo *borrugat* é variante con asimilación labial do tipo léxico *berrugat* ‘con berrugas’, que o DCVB localiza en Mallorca. Por outra parte, nótese o castelanismo *suelo*.

- *Cel tavellat* (‘ceo pregado ou arrugado’) é unha imaxe propia das Baleares: *Cel atavellat, dintre tres dies banyat* [‘mollado’]; o DCVB (s. v. *cel*) asigna o refrán a Menorca. A mesma obra (s. v. *tavellat*) localiza en Mallorca a variante *Cel tavellat, dins tres dies banyat*. Unha das acepcións que o DCVB consigna para *tavella* ‘pregue, enruga’ leva á de “núvol prim que sembla un doblec de roba, i que, en aparéixer en gran nombre cobrint el cel, sol esser senyal de pluja” (localizada por esta obra en Mallorca). Sobre ese paremiotipo descansa unha variante ampliada, quizais burlesca, de predición infalible: *Cel tavellat, dins tres dies eixut o banyat* [‘seco ou mollado’]; que o DCVB asigna a Mallorca na entrada *cel*, e a Menorca na entrada *tavellat*. O ALDC (mapa 656. *El cel ennuvolat*) rexistra en dous puntos mallorquíns variantes próximas: *El cel està tavellat, a dins tres dies, eixut o banyat* (81: Felanitx); *En estar tavellat, en es tres dies, eixut o banyat* (80: Llucmajor). O mesmo mapa localiza en Ciutadella (Menorca), punto 70: *El cel tavellat / demà estará “mukat”* (nótese a “queada” en *mukat*, seguramente adaptación do castelán *mojado*)^{vii}; e no outro canto da illa de Menorca, en Maó (punto 72): *En el cel tavelletes* [‘preguiños’] / *a la terra gotetes* [‘gotiñas’].

- *Céu cavado, aos três dias é molhado* (Portalegre 4 - Aldeia da Mata e Portalegre 6 - Campo Maior); testemuños inéditos do ALEPG. Cf. *Céu cavado, chão molhado*; no repertorio portugués de Carrusca (1976: 246).

- *Céu escamento, ou chuva ou vento* (Viana do Castelo 1 - Moledo); extraído tamén dos materiais inéditos do ALEPG. Cf. en Carrusca (1976: 253): *Céu escamado, vendaval ao rabo*; e o refrán galego xemelgo: *Ceo escamado, vendaval ó rabo* (Gippini 1991: 29).

- *Céu pedreguento, muita chuva e muito vento* (Viseu 2 - Múceres); extraído igualmente dos materiais do ALEPG. Cf. en Carrusca (1976: 246): *Céu pedrento ou chuva ou vento*; e outro xemelgo galego: *Ceo pedrento, ou chuvia ou vento* (Conde, 2001: 116).

- *Céu sachado, chão molhado* (Braga 1 - São Romão da Ucha); outra variante extraída do ALEPG.

- *Cielo a escaleretas, agua a balsetas*; no ALPI (627: Chiprana, provincia de Zaragoza) [Casanova, 2004: 49].

- *Cielo a montanicos, agua a capacicos*; no ALEANR, mapa 1311 (*Cielo emborregado*), puntos Z 401 (Leciñena), Z 402 (Zuera) e Z 603 (Velilla). No mesmo mapa: *Cial a montonech, aigua a capacech*, punto Te 204 (la Codoñera). Nótese a peculiar ditongación en *-iá-* propia desta área catalanfalante periférica da comarca turolense do Matarraña. Por outra parte, respetamos as grafías castelanizantes orixinais *montonech y capacech*, en que a “ch” indica a pronunciación palatalizada dos plurais normativos *montonets e capacets*. O ALPI recolleu en diversos puntos (623: Cadrete; 626: Letús; 632: Alloza; 637: Villarluengo): *Cielo a montoncicos, l'agua a capacicos* (Casanova, 2004: 49). E variantes moi afíns nas falas castelano-aragonesas do interior valenciano: en Fanzara (punto 756), *Sielo a montonicos, l'agua a capasicos* (co seseo característico do fanzarino); en Teresa de Begís [Bejís] (punto 759), *Cielo a montonicos, l'agua a capacicos*. Na variedade valenciana de Peñíscola (punto 753), *Cel a muntonets, aigua a cabassets*; e más ao sur, na de Alcora, punto 757 (co valencianismo *auia*): *Cel a muntonets, auia a cabassets* (García Perales 2001: 2028-2029). Cf. ademais *Cel a muntets, aigua a cabassets*; localizado por Manent (2002: 27) en Alfara e Xerta (comarca do Baix Ebre).

- *Cielo empedrado, a los tres días mojado*. Así, en Martínez Kleiser (1989 [1953]: 525) e no testemuño navarro de Pejenaute (1999: 217). No ALEANR (mapa 1311: *Cielo emborregado*, punto Z 100: Uncastillo): *Cielo empedrao, a los tres días mojao*. A mesma obra glosa “a los tres días suelo mojado” xunto á resposta *empedrao* de Lo 100 (Casalarreina). Cf. os rexistros toledáns do ALECMAn: (mapa 950: *Cielo emborregado*): *Cielo empedrado, a los tres días mojado*; localizado en TO 100 (Santa Olalla) e TO 114 (Villamiel de Toledo). En TO 106 (Nombela): *Cuando el cielo está empedrao, a los tres días mojado*. En TO 311 (Belvís de la Jara): *Cuando el cielo amanece empedrao, a los tres días mojado*. En portugués, dos datos inéditos do ALEPG : Évora 4 - Nossa Senhora de Machede): *Céu empedrado, dentro de três dias é molhado*.

O ceo “empedrado” é unha imaxe moi característica do ámbito iberorromance. Ten así mesmo representación no galego: unha das moitas variantes que recollen os mapas 42a e 42b (*Ceo ovellado*), escollida ao azar, é *Ceu empedrado, chan mollado* (42a, C.38: A Serra de Outes). Concorda co castelán: *Cielo empedrado, suelo mojado*, que recollen así Martínez Kleiser (1989 [1953]: 525) e o repertorio navarro de Pejenaute (1999: 298). O ALEANR (mapa 1311. *Cielo emborregado*) rexistra en Na 205 (Ochagavía): *Cielo empedrau, suelo mojau*. O ALPI recolle en Sos [del Rey Católico] (618) e Boquiñeni (620): *Cielo empedriau, suelo mojau*; en Codos (625): *Cielo empedriau, el suelo mojau* (os tres puntos, da provincia de Zaragoza) [Casanova, 2004: 49].

- *Cielo encrespao, monte regao*: ALEANR, mapa 1311, punto Hu 405 (Pozán de Vero). O ALPI recolle en Peralta de Alcofea (616): *Cielo cespau, monte regau*. Ambos puntos pertencen á provincia de Huesca.

- *Cielo enladrillado, a los tres días suelo mojado*. O ALEICan (mapa 751. *Cielo emborregado*) localiza o refrán no punto LP 10 (Tijarafe, Las Palmas); en Navarra (Na 401: Navascués), o ALEANR (mapa 1311) rexistra a variante *Cielo enladrillau, a los tres días mojau*. Na localidade altoaragonesa de Ansó (punto 605), o ALPI recolle: *Cielo enladrillau, a los poqués días mullau*.

- *Cielo rizau, suelo mojau*; no mesmo mapa do ALEANR, no punto rioxano Lo 100 (Casalarreina).

- *El cel a petxinetes* ['conchiñas'] / *auia a bassetes* ['balsiñas']. Así, no ALDC (mapa 656. *El cel ennuvolat*), que rexistra o refrán en Borriana (punto 155); coa marca do valencianismo *auia* 'auga'. Outras localizacións sitúan o paremiotipo nas terras do Ebro: *Cel a petxinetes, aigua a les bassetes* en Mequinenza (provincia de Zaragoza), segundo o DCVB (s. v. *petxineta*) e o ALPI (punto 628)^{viii}, que anota ademais no punto 629 (Maella, tamén da provincia de Zaragoza): *Cel a petxines, aigua a badines* (Casanova, 2004: 49). Albert Manent (1997), na súa recolla das comarcas veciñas da Ribera de Ebro e a Terra alta, ofrece outras variantes: *Cel a petxinetes, aigua per les bassetes* (páx. 22); *Cel a petxinetes, aigua a bassetes* (páx. 28); *Si lo cel és a petxinetes[,] aigua a les bassetes* (páx. 56).

- *En el cel roquetes, a la terra bassetes*; en Es Migjorn Gran (Menorca), punto 71 do ALDC (mapa 656. *El cel ennuvolat*). Cf. *Cel a roquetes / aigua a canterelletes*.

- *Está o céu às camadinhas, ou chuva ou sardinhas*; do material inédito do ALEPG (Beja 7 - Nave Redonda), que anota para o punto Faro 13, S. Marcos da Serra: “o mesmo, mas «em escaminhas»”.

4. PAREMOLOXÍA E TERRITORIO. A XEITO DE CONCLUSIÓN

Nos atlas lingüísticos os refráns son unha propina ocasional, máis ou menos xenerosa segundo os casos. Por iso, non se pode concibir un grande atlas paremiolóxico romance de segunda xeración, elaborado non a partir da enquisa directa, senón da colleita previa dos atlas de primeira xeración, á maneira do ALiR. Por outra parte, dada a complexidade estrutural e motivacional das paremias, tampouco parece factible a cartografía sistemática, nin sequera nun espazo mediano como o do galego ou o do catalán. En compensación, cabe ponderar a utilidade da base de datos BADARE, que acolle materiais de índole xeográfica procedentes tanto dos atlas románicos como doutras fontes.

As pertinentes buscas textuais, conceptuais, por variedades románicas, por fontes bibliográficas (*vid. 1*), permiten detectar, por exemplo, determinadas afinidades, mesmo áreas parémicas. Así, a do paremiotipo iberorromance en que riman *tarde* e *balde* (3.1.1); as dos refráns que presentan a imaxe do ceo “empedrado” (3.3.2); a do catalán setentrional *Broma roja, [/] vent o ploja*, que vai da man co occitano (3.2.3); un ceo (*a*)*tavellat* ('arrugado') ou con *tavelletes* ('preguiños'), propio das Illas Baleares (3.3.2); a alianza de rima entre [*mar / posta*] *rotxa* e *clotxa* característica do valenciano e

prolongada nas falas castelás veciñas (3.2.1 e 3.2.4b); a comunión transfronteiriza catalano-aragonesa dun *Arco de San Txuan / Juan* anunciador de auga para *demà / demán* ‘mañá’ (3.1.2); a imaxe cruenta pero suxestiva da “vaca desollada” na provincia de Badajoz e noutros lugares do interior peninsular, como Cuenca, Guadalajara e Albacete (3.2.2a, 3.2.3).

Ademais, os comentarios adicionais das fichas de BADARE, en que se precisan as referencias bibliográficas de cada paremia e das súas posibles variantes, acollen con frecuencia datos dialectais ou xeolinguísticos que botan luz sobre aspectos concretos dalgúns refráns, como no seguinte exemplo:

Unha das múltiples paremias que o folclorista Cels Gomis recolleu fóra do ámbito do catalán, probablemente no seu labor como enxeñeiro polas terras de España, é esta que localiza no Moncayo (por lóxica, refírese ás inmediacións da montaña que se eleva entre Aragón e Castela): *Año zagueñil* [de poñente], / *coge la capa y vete a dormir*; que confronta como sinónima da catalá *Any de ponent, [/] any dolent* ['Año de poñente, ano cativo'] (localizada en Figueres). Pois ben, o curioso adjetivo *zagueñil*, do que unha busca en *Google* en xullo de 2010 me ofrece como único resultado precisamente este refrán de Gomis incorporado a BADARE, entendo que será derivado de *zagueño*, variante (con equivalencia acústica: z/f) de *fagueño*, que á sua vez o é (por outra equivalencia acústica: g/v ante semiconsonante velar “u”) de *favueño* (< latín FAVONIU). Baseo a miña interpretación no feito de que o ALEANR rexistre *fagueño* en Mallén (Z-301) e *zagueño* en Tarazona (Z-302)^{ix}, puntos da provincia de Zaragoza; e Tarazona atópase nas inmediacións do Moncayo. Por outra parte, o DRAE localiza en Aragón a variante patrimonial *fagueño*, que remite ao cultismo *favonio*, definido como “viento que sopla de poniente”.

Con estas mostras, coido que se fai evidente o proveito científico derivado da relación entre paremiología e territorio, unha alianza conceptual que se inspira no espírito e o título do libro editado por Álvarez, Dubert e Sousa (2006), *Lingua e territorio*.

Bibliografía

- AIS = Karl Jaberg / Jakob Jud (1928-1940): *Sprach- und Sachatlas Italiens und der Südschweiz [Atlante Italo-Svizzero]*, 8 vols.]. Zofingen: Ringier / Halle: Niemeyer.
- ALBi = Manuel Gutiérrez Tuñón (dir.) / Alicia Fonteboa (coord.) (1996): *Atlas Lingüístico de El Bierzo* [sic], vol. I. Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos.
- Alcalá Venceslada, Antonio (1980): *Vocabulario andaluz*. Madrid: Gredos.
- ALDC = Joan Veny / Lídia Pons i Grieria (2006): *Atles lingüístic del domini català*, vol. III. 4. *La família: cicle de la vida*; 5. *Món espiritual: l'Església. Festes religioses. Creences*; 6. *Jocs*; 7. *Temps cronològic. Meteorologia*; 8. *Topografia*. Barcelona: Institut d'Estudis Catalans.
- ALEA = Manuel Alvar, coa colaboración de Antonio Llorente e Gregorio Salvador (1961-1963): *Atlas Lingüístico y Etnográfico de Andalucía*, 6 vols. Granada: Universidad de Granada.
- ALEANR = Manuel Alvar, coa colaboración de Antonio Llorente, Tomás Buesa e Elena Alvar (1978-1983): *Atlas Lingüístico y Etnográfico de Aragón, Navarra y Rioja*, 10 vols. Madrid / Zaragoza: CSIC / Diputación Provincial de Zaragoza.

- ALECMAn = Pilar García Mouton / Francisco Moreno Fernández (2003-): *Atlas Lingüístico (y etnográfico) de Castilla - La Mancha*, <<http://www2.uah.es/alecman>>.
- ALEICan = Manuel Alvar (1975-1978): *Atlas Lingüístico y Etnográfico de las Islas Canarias*, 3 vols. Las Palmas de Gran Canaria: Publicaciones del Excmo. Cabildo Insular.
- ALEPG = *Atlas Linguístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza*. Centro de Linguística da Universidade de Lisboa [en preparación].
- ALGa = Constantino García / Antón Santamarina (directores): *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronológico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALI = *Atlante Linguistico Italiano* (1995-). Fundado por Matteo Bartoli e Giuseppe Vidossi, publicado por Lorenzo Massobrio. Roma: Istituto Poligrafico e Zecca dello Stato.
- ALiR = *Atlas Linguistique Roman* (1996-). Roma: Istituto Poligrafico e Zecca dello Stato.
- ALPI = *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica. I. Fonética* (1962). Madrid: CSIC.
- Álvarez, Rosario / Francisco Dubert García / Xulio Sousa Fernández (eds.) (2006): *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Arnal Cavero, Pedro (1997 [1953]): *Refranes, Dichos, Mazadas... en el Somontano y montaña oscense*. Zaragoza: Herederos de Pedro Arnal Cavero e Institución Fernando El Católico, Prames, S.A.
- Carrusca, María de Sousa (1976): “*Vozes da sabedoria*”, Vol. III. Lisboa: Edição da coordenadora.
- Casanova, Emili (2004): “Aragón en el ALPI”, en Franco Nagore Laín, *Estudios e rechirias arredol d'a luenga aragonesa e a sua literatura. Autas d'a III Trobada (Uesca-Alquezra, 17-20 d'otubre de 2001)*. Uesca: Instituto de Estudios Altoaragoneses, 21-94.
- CNLVA (1992) = Centre de Normalisacion Lingüistica dera Val d'Aran (1992): *Arreperveris*. Lleida: Pagès Editors.
- Conde Tarrío, Germán (2001): *Diccionario de refráns. Correspondencias en castelán e francés*. Vigo: Galaxia.
- Correas, Gonzalo (2000 [1627]): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales*. Edición de Louis Combet. Revisada por Robert James e Maïte Mir-Andreu. Madrid: Castalia.
- DCECH = Joan Corominas, coa colaboración de José A. Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, 6 vols. Madrid: Gredos.
- DCVB = Antoni M. Alcover / Francesc de B. Moll (1930-1962): *Diccionari català-valencià-balear*, 10 vols. Palma de Mallorca: Editorial Moll.
- DECat = Joan Coromines (1980-2001): *Diccionari etimològic i complementari de la llengua catalana*, 10 vols. Barcelona: Curial / La Caixa.
- Díaz Díaz, Emilio (1991): *Refranero popular extremeño*. Badajoz: Universitas Editorial.
- DIEC = Institut d'Estudis Catalans (2007²): *Diccionari de la llengua catalana*. Barcelona: Edicions 62 / Encyclopédia Catalana.
- DRAE = Real Academia Española (2001²²): *Diccionario de la lengua española*. Madrid: Espasa-Calpe.
- DRAG = Real Academia Galega (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. Vigo: Edición Xerais de Galicia.

- Estruch i Subirana, Maria (2003): *Els noms populars de núvols, boires i vents del Bages*. Manresa: Centre d'Estudis del Bages.
- Ferro Ruibal, Xesús (2007): “*Cando chove e dá o sol... ¿Un fraseoloxismo internacional poliédrico?*”, *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, 67-94.
- Franceschi, Temistocle (2010): “La paremiología territorial (geoparemiología) in Italia. Meteorología e calendario nell’*Atlante Paremiologico Italiano*”, en José Enrique Gargallo Gil, coordinador (coa colaboración de María-Reina Bastardas, Joan Fontana i Tous e Antonio Torres Torres), *Paremiología romance. Los refranes meteorológicos*. Barcelona: Publicacions i Edicions de la Universitat de Barcelona.
- Franceschi, Temistocle *et al.* (1981-1984): *Questionario dell’API*. Urbino: Università degli Studi di Urbino (Studi Urbinati di Storia, Filosofia e Letteratura, Supplemento Linguistico 3).
- Franceschi, Temistocle *et al.* (2000² [1998]): *Atlante Paremiologico Italiano. Questionario. Ventimila detti proverbiali raccolti in ogni regione di Italia*. Alessandria: Edizioni dell’Orso.
- García Mouton, Pilar (1984): “El arco iris: Geografía lingüística y creencias populares”, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XXXIX, 169-190.
- García Perales, Vicent (2001): *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI). Edició i estudi del País Valencià*. Universitat de València. Tese de doutoramento inédita.
- Gargallo Gil, José Enrique (1999): “Doce días para doce meses. De meteorología popular en la Romania”, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* LIV, 2, 231-267.
- (2003): “Més ençà o més enllà, la Quaresma en març caurà. Refranes romances del mes de marzo”, *Paremia* 12, 41-54.
 - (2004): “Dos de febrero. Refranes romances de la Candelaria y meteorología popular”, *Paremia* 13, 109-124.
 - (2006): “Quan surt la ratlla de Sant Martí... Refranes romances del arco iris, meteorología y cultura popular”, *Quaderni di Semantica* 53-54, 301-309.
 - (2009): “Do ALGa a BADARE. Refráns do calendario e meteorolóxicos, xeoparemiología galega e romance”, *Actas do IX Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudios Galegos. Universidade de Santiago de Compostela, 13-17/7/2009* (no prelo).
 - (2010): “Del ALEANR a BADARE: refranes meteorológicos, geoparemiología romance”, *Actas del XXVI Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románicas. Universidad de Valencia, 6-11/9/2010* (no prelo).
- Gargallo, José Enrique / Miquel Àngel Pradilla (1997): *El joc ancestral de la paraula. Llengua, cultura popular i refranyer a Rossell* (Baix Maestrat). Benicarló: Edicions Alambor.
- Gargallo Gil, José Enrique / Antonio Torres Torres (2010): “Meteoro y personificación en la paremiología romance a partir del proyecto BADARE”, *Europhras 2010 Cross-Linguistic and Cross-Cultural Perspectives on Phraseology and Paremiology. University of Granada, 30/6 - 2/7/2010* (no prelo).
- Gella Iturriaga, José (1944): *Refranero del mar*. Madrid: Instituto Histórico de Marina.
- Gippini Escoda, Enrique (1991): *Refraneiro galego (Escolma)*. Sada, A Coruña: Ediciós do Castro.
- Gomis i Serdañons, Cels (1998) = Cels Gomis i Mestre, *Meteorología i agricultura populars. Recull d’aforismes, modismes, creences i supersticions referents a la meteorología i a l’agricultura a l’entorn dels anys 1864 a 1915. Segona edició*

- notablement augmentada amb gran nombre de confrontacions a cura de Cels Gomis i Serdañons.* Barcelona: Alta Fulla.
- Manent, Albert (1997): *Els noms populars de núvols, boires i vents: Ribera d'Ebre i Terra Alta.* Barcelona: Centre d'Estudis Riudomencs “Arnau de Palomar”.
- (1999): *Els noms populars de núvols, boires i vents del Barcelonès i [del] Solsonès.* Vilassar de Mar: Oikos-Tau.
- (2002): *Els noms populars de núvols, boires i vents del Baix Ebre i [del] Baix Llobregat.* Vilassar de Mar: Katelani.
- Martínez Kleiser, Luis (1945): *El tiempo y los espacios de tiempo en los refranes.* Madrid: Librería General de Victoriano Suárez.
- (1989 [1953]): *Refranero general ideológico español.* Madrid: Real Academia Española.
- Mieder, Wolfgang (1996): “Los refranes meteorológicos”, *Paremia* 5, 59-65.
- Mistral, Frederic (1979 [1878-1886]): *Lou Tresor dóu Felibrige ou Dictionnaire Provençal-Français.* Édition du centenaire sous la direction de V. Tuby. Genève / Paris: Slatkine / Édition de l’Unicorn.
- Pedrosa, José Manuel (1995): “«Si marzo tuerce el rabo, ni pastores ni ganados»: ecología, superstición, mito pagano y culto católico del mes de marzo”, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* L, 2, 227-293.
- Pejenaute Goñi, Javier María (1999): *Los Refranes del Tiempo de Navarra.* Pamplona: Caja de Ahorros de Navarra.
- Río Corbacho, Pilar (2009): “BADARE: una ferramenta de traballo na paremioloxía meteorolóxica e do calendario na Romania”, *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11, 173-190.
- Rodríguez Marín, Francisco (1883): *Cien refranes andaluces de meteorología, cronología y agricultura rural, recogidos de la tradición oral.* Fregenal: Est. Tip. de El Eco, Corredera, 2.
- (2007 [1926]): *Más de 21.000 refranes castellanos no contenidos en la copiosa colección del Maestro Gonzalo Correas[,] allególos de la tradición oral y de sus lecturas durante más de medio siglo (1871-1926).* Madrid: Atlas.
- Sanchis Guarner, Manuel (1951): *Calendari de refranys.* Barcelona: Barcino.
- Saramago, João (2006): “O atlas lingüístico-etnográfico de Portugal e da Galiza”, *Estudis Romànics* XXVIII, 281-298.
- Vázquez Saco, Francisco (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*, núm. 5 de *Cadernos de Fraseoloxía Galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Consellería de Educación e Ordenación Universitaria / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Veny, Joan (2009): “Cel a cabasses, aigua a cantirets”. *Miscel·lània d'homenatge a Albert Manent. Societat d'onomàstica. Butlletí Interior* (no prelo).
- Zamora Vicente, Alonso (1943): *El habla de Mérida y sus cercanías*, anexo XXIX da *Revista de Filología Española.* Madrid: CSIC.

ⁱ Este artigo inscríbese no proxecto FFI2008-02998/FILO, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación. Agradezo a Rosario Álvarez a lectura do texto e os seus comentarios.

ⁱⁱ Trátase de feito dun libro en que Cels Gomis i Serdañons recompila e reedita traballos e escolmas do seu avó, Cels Gomis i Mestre, orixinariamente publicados entre 1864 e 1915. Véxase o título na bibliografía final.

ⁱⁱⁱ As catro de Galicia: provincia da Coruña = C; de Lugo = L; de Ourense = O; de Pontevedra = P. Por outra parte, para o “galego estremeiro”: Principado de Asturias = A; provincia de León = Le; provincia de Zamora = Z.

^{iv} A forma *mureco* é variante disimilada de *murueco*, que o DRAE remite a *morueco* (“carnero padre o que ha servido para la propagación”).

^v Polo que respecta ao ámbito italorromance, os sete volumes do ALI (*Atlante Lingüístico Italiano*) publicados dende 1995 ata 2010 non inclúen as esferas semánticas do tempo cronolóxico e meteorolóxico.

^{vi} “És sabut que avui el sentit de ‘núvol’ és cosa sobretot dels Pirineus i en general de totes les zones muntanyoses del Princ. [Principado de Cataluña], Cat. Fr. [Cataluña francesa] i Maestrat [bisbarra valenciana do Maestrazgo]” (DECat, s. v. *broma*, II, 264, liñas 33-36).

^{vii} Agradezo a Joan Veny a indicación da posible entidade idioléctica de *mukat*, pois non resulta ser unha forma acorde coas características da variedade menorquina de Ciutadella.

^{viii} Seguramente Manuel Sanchis Guarner, colaborador do DCVB e enquadrador do ALPI en Aragón, sexa o responsable da coincidencia dese testemuño das dúas obras en Mequinenza.

^{ix} Tal como nas transcricións fonéticas dos refráns, adapto *fagüeña* e *zagüeña* ortograficamente a partir do orixinal.